

LECTIO DVODECIMA

FORMAS NOMINAIS DO VERBO. O EXÉRCITO ROMANO ROMANI LATINE LOQVEBANTVR (XI)

12.1. Formas nominais do verbo:

12.1.1. O infinitivo: unha sintaxe especial.

12.1.1. O participio.

12.1.1.1. Concordancia.

12.2. O exército romano.

12.3. *Romānī latīne loquebantur (XI).*

COGITA!

1. Cantos infinitivos posúen o galego e o castelán? E o inglés e o francés?
Como analizarías sintacticamente os infinitivos nas seguintes oracións?

Comer é necesario

Ás veces hai que conformarse con sobrevivir

O hábito de pensar non é malo para a saúde

Querer é poder

Todos queremos gañar moitos cartos?

2. Cantos participios posúe o galego? E o castelán? Sabes se o inglés os ten? E o francés? Poderías analizar estas tres oracións?

Don Quixote, seguido por Sancho Panza, marchou da súa casa

Gañadas as eleccións de 1996, o PP dispúxose a gobernar

Pasou unha ambulancia zumbando xusto por diante de min

3. Sabes como están organizados os exércitos dos países occidentais e como se estruturan?

MEMENTO!

1. O latín, como o galego e o castelán, posúe formas nominais no verbo. Pertencen ó lexema verbal, pero ó mesmo tempo teñen desinencias nominais (só os participios), ou teñen un comportamento sintáctico semellante ó de substantivos e adxectivos. Isto trae dúas consecuencias: por ser verbais poden levar complementos (e constituír oración subordinada), e por ser nominais presentan (os participios) xénero, número e caso; e, o máis importante, están obrigados á concordancia, no caso dos participios.



Comecemos polo participio. Tomando o verbo **amo** como modelo, estes son os participios latinos:

VOZ / TEMPO	PRESENTE	PERFECTO	FUTURO
ACTIVA	amans, -ntis (3ª decl.)		amatūrus, -a, -um (= adx. 1º tipo)
	TRAD.: “que ama” ou “amando”		TRAD.: “que amará”
PASIVA		amātus, -a, -um (= adx. 1º tipo)	amandus, -a, -um (= adx. 1º tipo)
		TRAD.: “amado”	TRAD.: “que debe ser amado”

Velaquí unhas pistas para recoñecer cada un:

- PART. de PRESENTE: Remata en **-ns** (e sería Nom. sing.), ou leva no seu interior **-nt-**.
- PART. de PASADO: Constrúese a partir do supino, polo que a derradeira forma do enunciado será a nosa aliada. Exemplo:
cerno, -is, -ere, cecerni, censum = census, -a, -um
- PART. de FUT. ACTIVO: O sufixo **-urus, -a, -um** é moi recoñecible.
- PART. de FUT. PASIVO: O mesmo vale para o sufixo **-ndus, -a, -um**

Vaiamos agora coa súa sintaxe. A grande maioría das veces, o participio vai integrado na oración á que pertence e concorda en xénero, número e caso cunha palabra ou palabras desa mesma oración. Polo tanto, sempre será un modificador dun constituínte da oración. Pero ademais, como xa dixemos, por ser unha forma verbal, pode levar complementos, de diferente tipo dependendo de se o participio é de Presente (inclúe o CD), de Perfecto (exclúe o CD), de Futuro Activo (inclúe o CD), ou de Futuro Pasivo. (exclúe o CD). Observa estes exemplos con cada un dos participios:

Omnes milites, Caesarem videntes, eum mirabantur

In proelio rex, a gladio vulneratus, cecidit

Ille puer, aquam bibiturus, multo currit

Prudentia, a nobis colenda, optima amica est

Con todo, sen deixar de concordar con outra palabra ou palabras, o participio pódese construír de xeito aillado respecto da oración, convertíndose nun modificador externo á oración. Neste caso, tanto o participio como a palabra ou palabras coas que concerta deben estar en Abl.. Esta construción especial é denominada Ablativo Absoluto, e sempre se debe traducir co participio por diante. Observa o exemplo e memorízao:

Finito bello, pax conciliatur

En relación co infinitivo, veremos que morfoloxicamente é máis complexo que o noso, a pesar de que tamén se define polo tempo e a voz. Vexamos todos os infinitivos latinos, seguindo co verbo **amo**:

<u>VOZ /</u> <u>TEMPO</u>	PRESENTE	PERFECTO	FUTURO
ACTIVA	amare	amavisse	amaturum, -am, -um esse
	TRAD.: “amar”	TRAD.: “amar” / “haber amado”	TRAD.: “ir amar” / “ir a amar”
PASIVA	amari	amatum, -am, -um esse	amandum, -am, -um esse
	TRAD.: “ser amado”	TRAD.: “ser amado” / “haber sido amado”	TRAD.: “deber ser amado”

De novo unhas pistas para recoñecer cada un:

- INFIN. de PRESENTE ACTIVO: Remata en **-re** e, o máis importante, aparece no enunciado, como xa sabes (3ª forma).

- INFIN. de PRESENTE PASIVO: Remata en **-ri**, salvo na 3ª conxugación, na que o fai en **-i**, o que pode despistarnos co Tema de Perfecto. Atende a este exemplo:

cerno, -is, -ere, cecerni, censum = cerni, (e non ***cerneri**, que sería máis sinxelo).

- INFIN. de PERFECTO ACTIVO: O sufixo **-isse** é moi recoñecible.

- INFIN. de PERFECTO PASIVO, e máis de FUT. ACTIVO e PASIVO: Sempre se forman a partir do participio correspondente (iso si, só en Ac. sing. ou pl., por razóns que se explican máis abaixo), e o infinitivo **esse** (do verbo **sum**).

A sintaxe do infinitivo é complexa, xa que pode ter un comportamento bastante diferente ó que amosa nas nosas linguas. Vexamos en que consiste:

Pode aparecer na oración cumprindo, de xeito análogo a outras clases de palabras, unha serie de funcións, igual que en galego e castelán:

Dulce est amare (“Amar é doce”: SUX)

Ego vivere amo (“Eu amo vivir”: CD)

Mais os autores latinos empregan moito unha construción moi característica, e que podemos exemplificar así:

Te advenisse gaudeo

Esta oración significa “Alégrome de que (ti) veñas”. A partir desta tradución, as gramáticas latinas tradicionais din que estamos diante dunha “oración de infinitivo obxecto non concertada, con SUX en Ac”. Con isto quere dicirse que o SUX do verbo principal non coincide co do infinitivo. Efectivamente, **gaudeo** ten como SUX un **ego** elíptico, pero abondo presente gracias á desinencia **-o**. Con todo, **advenisse** é un infinitivo, sen desinencia persoal: polo tanto, non pode ter ningún SUX. Pola contra, na tradución “de que (ti) veñas”, o infinitivo é traducido por un verbo en forma persoal, cuxo SUX é a 2ª persoa de singular. Esta é a razón de que na maioría das gramáticas se diga que “o infinitivo pode levar un SUX en Ac”. No exemplo visto, ese SUX sería o pronome persoal **te**, que está en Ac; e temos aprendido que as dúas funcións que desenvolve ese caso son o CD e o CC (en presenza de preposición).

O que acontece é que a sintaxe do latín, como xa temos dito, non funciona de xeito igual á das linguas ás que se quere traducir. Estamos diante dun idiomatismo: unha construción característica do latín sen equivalente exacto en galego e castelán. Esforcémonos por analizar esta construción sintáctica desde o mesmo latín:

Debemos contemplar o exemplo **Te advenisse gaudeo** igual que estoutro:

Caesārem iustum censeo (“Considero xusto a César”)

Neste caso, **iustum** consideraríase sen dúbida como un PREDICATIVO (PTVO) de **Caesārem**, CD de **censeo**, co que concorda en xénero, número e caso (Ac masc. sing.). Se substituímos **iustum** por un infinitivo no mesmo exemplo teríamos:

Caesārem venire censeo (“Considero que César vén”)

A función de PTVO queda enmascarada porque o infinitivo non posúe flexión (ou sexa, non se pode declinar), e porque a nosa lingua nos fai empregar un xiro equivalente (non calcado) para traducir a secuencia, mais a función é idéntica: é evidente que unha tradución como “Considero a César vir” non é aceptable.

De todos xeitos, o que nos interesa é recoñecer esta construción en canto apareza nos textos, xa que é bastante frecuente, sobre todo nos historiadores. Así, o modo de proceder á hora de traducir unha oración onde apareza un infinitivo será o seguinte:

- Detectar a presenza dun infinitivo.
- Constatar que na oración hai polo menos unha palabra en Ac.
- Identificar o núcleo da oración como un verbo con significado dos chamados “de lingua, pensamento ou vontade”: entre os máis cotiáns están **volo** (“querer”), **iubeo** (“mandar”), **dico** (“dicir”), **puto** (“pensar”), **arbitror** (“coidar”), **censeo** (“opinar”), e outros. De dárense as condicións anteriores, procederemos así:
 - a) Traducimos o infinitivo por infinitivo e comprobamos que o resultado é coherente cos nosos usos lingüísticos, como neste exemplo:

Hic puer vidēre spectacūlum vult (“Este neno quere ver o espectáculo”)

b) Se o mecanismo anterior non nos proporciona unha tradución axeitada, faremos o seguinte: incluír un “que” entre o verbo e o infinitivo e traducir este último por verbo en forma persoal.
Vexamos este exemplo:

Caesar hostes adesse dicit

1ª opción: “César di os inimigos achegarse” (como é evidente, non funciona)

2ª opción: “César di que os inimigos se achegan”

Practica (e pon moita atención ó facelo) sobre estes contidos gramaticais nos textos da sección *EXERCICIA* que o profesor che indique para traducir. Podes servirse tamén da presentación *PARTICIPIA INFINITIVAQVE* para repasar estes contidos.

2. Coa presentación *ROMANVS EXERCITVS*, que atoparás na Aula Virtual, poderás facerte unha idea da estrutura e funcionamento do exército romano, fundamental na creación do Imperio e importante axente da romanización. Ademais, moitos exércitos occidentais, ó longo da Historia, tiveron o exército romano como modelo a imitar.



3. E estes son os derradeiros *graffiti* pompeianos do curso:

